

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*RESOLUCIÓN do 11 de xuño de 2012, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se procede á publicación dos requirimentos de emenda de documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Resolución do 5 de xaneiro de 2012 pola que se convocan para o ano 2012 as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.*

A Secretaría Xeral da Igualdade convocou para o ano 2012, a través da Resolución do 5 de xaneiro de 2012 (DOG núm. 17, do 25 de xaneiro), axudas e subvencións destinadas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes, cofinanciadas polo FSE, que se desenvolverán a través dos seguintes tipos de programas:

a) Mantemento de centros de atención especializada a mulleres (centros de acollida, centros de día) en que se ofrece asistencia básica (aloxamento, manutención) e programas de apoio ás mulleres en situación de exclusión especial.

b) Recursos integrais específicos para mulleres xestantes e/ou lactantes con fillos e/ou fillas menores de tres anos que conteñan actuacións dos tipos que se indican e semellantes:

- De información sobre recursos existentes para elas e os seus fillos e fillas.
- De acompañamento social con medidas de apoio psicolóxico para superación de cargas emocionais provocadas pola situación de embarazo ou maternidade.
- De orientación, asesoramento e busca de emprego.
- De adquisición de competencias persoais e sociais adaptadas para a inserción laboral e para afrontar a nova situación persoal.
- De medidas de apoio urxente.

c) Recursos integrais de axuda para mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social (reclusas, ex-reclusas, drogodependentes).

d) Recursos integrais de apoio a mulleres en situación de especial protección (anciás soas, mulleres con discapacidade, inmigrantes, pertencentes a minorías étnicas)

e) Recursos integrais de apoio e acompañamento dirixidos a vítimas de violencia de xénero.

f) Aqueloutros que se definan para mulleres en situación de especial discriminación ou desigualdade susceptibles de inclusión no ámbito da convocatoria.

A partida orzamentaria con cargo á que se financian estas axudas ten un cofinanciamento do 80% do FSE no programa operativo FSE-Galicia 2007-2013, no eixo 2, tema prioritario 71.

O artigo 4.1 da convocatoria establece que as entidades presentarán unha solicitude axustada ao modelo normalizado acompañada dos documentos que se especifican no artigo 5 das bases reguladoras, publicadas mediante a Resolución do 10 de maio de 2011 da Secretaría Xeral da Igualdade (DOG núm. 96, do 19 de maio).

O artigo 5 das bases reguladoras indica que as solicitudes se presentarán nun único exemplar na forma e prazos indicados na convocatoria. Establece a documentación que integra as solicitudes, e, indica tamén, no número 4, a obriga do emprego dos formularios no seu formato orixinal e demais especificacións a que deben aterse para a adecuada presentación das solicitudes.

A Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade, órgano encargado da instrución dos procedementos, revisou as solicitudes presentadas ao abeiro da dita resolución e identificou as que se presentaron en prazo, sen erros e dispoñen da documentación preceptiva, así como aquelas que non reúnen a documentación necesaria, por non tela presentado, por conter erros, por non empregar os modelos normalizados ou por non ser suficiente para a determinación do cumprimento dos requisitos exixidos para a súa posterior remisión á comisión encargada da súa valoración.

O artigo 7 das bases reguladoras establece, de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que se a solicitude non reúne algún dos requisitos establecidos nas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, o órgano instrutor requirirá as persoas interesadas para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación ex-

presa de que, se así non o fixesen, teranse por desistidas da súa petición, logo da correspondente resolución.

Así mesmo, indica que por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59, 60 e 61 da indicada Lei 30/1992, os citados requirimentos de emenda poderanse facer ben a través de notificación individualizada, ou ben mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada, e tamén se publicitarán na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

Polo exposto,

#### DISPOÑO:

Primeiro. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de solicitudes que non están debidamente cubertas e/ou non achegan a documentación preceptiva exigida segundo o establecido nas bases reguladoras. Esta relación xúntase como anexo desta resolución, con especificación dos documentos preceptivos requiridos a cada solicitude.

Segundo. Facer indicación expresa a todas as entidades solicitantes relacionadas no anexo de que son requiridas para que, no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos conforme se establece nesta resolución. De non o facer, teranse por desistidas na súa petición, logo de resolución, que será ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de emenda de documentación das solicitudes, poderán dirixirse á Secretaría Xeral da Igualdade, preferentemente a través da conta de correo [promocion.igualdade@xunta.es](mailto:promocion.igualdade@xunta.es) ou ben por calquera dos medios dispostos no artigo 7 da resolución de convocatoria.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2012

Susana López Abella  
Secretaria xeral da Igualdade

## ANEXO

**Relación de solicitudes suxeitas a emenda de documentación do procedemento SI427A**

	Número expediente	Entidade solicitante	NIF	Documentos requiridos
1	SI427A 2012/000001-0	Asoc. Rede Mulleres Veciñais Contra Malos Tratos	G36928646	Anexos II e VI debidamente cubertos e asinados, sen emendas nin riscadas. Memoria económica complementaria con desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa.
2	SI427A 2012/000002-0	Asociación de Empresarias e Profesionais de Ourense	G32104663	Memoria económica complementaria con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
3	SI427A 2012/000005-0	Asociación Promoción Integración Gitana	G27017987	Memoria económica complementaria con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
4	SI427A 2012/000007-0	Congregación Religiosas Siervas de la Pasión	R0800086A	Anexo II debidamente cuberto e asinado con indicación correcta do programa solicitado. Anexo III debidamente cuberto e asinado, indicando denominación do programa, tipo de axuda solicitada e importes, e número de beneficiarias, tendo en conta que o total ten que ser coincidente co reflectido no anexo II. Anexo V debidamente cuberto coincidente con indicado no anexo VI. Anexo VI debidamente temporalizado.
5	SI427A 2012/000008-0	A. Lucense de Axuda Enfermos Mentais Alume	G27198977	Anexo V debidamente cuberto.
6	SI427A 2012/000010-0	Confederación Galega de Persoas con Discapacidade	G32115941	Memoria económica complementaria con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
7	SI427A 2012/000011-0	Asociación de Mulleres ANEL	G32207516	Memoria económica complementaria (programa 1) con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.

	Número expediente	Entidade solicitante	NIF	Documentos requiridos
8	SI427A 2012/000012-0	Federación de Asociacións de Mulleres ANARAL	G32362279	Memoria económica complementaria (programa 1) con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
9	SI427A 2012/000013-0	Asociación de Mulleres Algueirada de Manzaneda	G32354227	Memoria económica complementaria con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
10	SI427A 2012/000014-0	As. de Loita Contra os Malos Tratos (ALMAT)	G15717721	Anexo VI: orzamento debidamente cuberto e completo. Memoria económica complementaria con descrición e desagregación co máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
11	SI427A 2012/000017-0	Fundación Érguete Integración	G36861078	Memoria económica complementaria con desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa e de todos os materiais específicos.
12	SI427A 2012/000018-0	Fundación para o Desenvolvemento da Empregabilidade e a Formación (FUNDEFO)	G15859689	Memoria económica complementaria con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
13	SI427A 2012/000019-0	Asociación Integro	G15173263	Memoria económica complementaria con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
14	SI427A 2012/000022-0	Federación de Asociacións Xordos País Galego	G15068091	Memoria económica complementaria con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.

	Número expediente	Entidade solicitante	NIF	Documentos requiridos
15	SI427A 2012/000024-0	Fundación Down Compostela	G70040258	Memoria económica complementaria con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
16	SI427A 2012/000028-0	Asoc. Pro Saúde Mental A Creba	G15476310	Anexo III debidamente cuberto en todos os puntos e asinado. Memoria económica complementaria (programas 1 e 2) con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
17	SI427A 2012/000029-0	Asociación Tempus	G15681000	Requírense todos os documentos relacionados no artigo 5 das bases reguladoras.
19	SI427A 2012/000032-0	Fundación Amigos de Galicia	G15859911	Anexo VI e VIII (programa 2) debidamente cubertos en todos os puntos, asinados, sen emendas nin riscadas. Memoria económica complementaria (programa 2) con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
19	SI427A 2012/000035-0	Asociación Labregas	G15945686	Anexo VI debidamente cuberto en todos os puntos. Memoria económica complementaria (programa 2) con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
20	SI427A 2012/000036-0	Sindicato Labrego Galego-Secretaría das Mulleres	G27023951	Anexo VI debidamente cuberto en todos os puntos. Memoria económica complementaria (programa 2) con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.

	Número expediente	Entidade solicitante	NIF	Documentos requiridos
21	SI427A 2012/000037-0	Fundación Monte do Gozo Proxecto Home Galicia	G15258213	Anexo II debidamente cuberto e asinado con indicación correcta do programa solicitado. Anexo VI debidamente cuberto en todos os puntos. Memoria económica complementaria con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
22	SI427A 2012/000039-0	Cáritas Interparroquial da Coruña	R1500053B	Anexo VIII debidamente cuberto, codificado e asinado. Documentación acreditativa de representatividade suficiente (artigo 5.2.e) das bases reguladoras).
23	SI427A 2012/000040-0	Alar Galicia	G15775901	Memoria económica complementaria (programas 1 e 2) con desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
24	SI427A 2012/000041-0	Aliad-ultreia	G27021120	Anexo V e anexo VI debidamente cubertos en todos os puntos e coincidentes.
25	SI427A 2012/000045-0	Down Vigo	G36697324	Memoria económica complementaria con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
26	SI427A 2012/000046-0	Asociación Española Contra o Cancro	G28197564	Anexo II debidamente cuberto e asinado con indicación correcta do programa solicitado. Anexo III debidamente cuberto e asinado. Documentación acreditativa de representatividade suficiente (artigo 5.2.e) das bases reguladoras).
27	SI427A 2012/000048-0	Asociación de Mujeres Empresarias de la provincia de Lugo) AELU	G27105220	Anexo VI debidamente cuberto en todos os puntos.
28	SI427A 2012/000049-0	Asoc. Axuda ao Toxicómano Érguete	G36642726	Anexo VIII debidamente cuberto, codificado e asinado.
29	SI427A 2012/000050-0	Asociación Ayuda a la Vida Ayuvi	G36802536	Anexo III debidamente cuberto. Memoria económica complementaria con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.



	Número expediente	Entidade solicitante	NIF	Documentos requiridos
30	SI427A 2012/000052-0	Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela	R1500053B	Memoria do programa 1 para 2012. Memoria económica complementaria (programa 1) con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
31	SI427A 2012/000053-0	Asociación Mirabal	G70312954	Anexo II debidamente cuberto e asinado, sen emendas nin riscadas e lexible. Anexo III debidamente cuberto en todos os puntos e asinado, sen emendas nen riscadas e lexible. Anexo VI (programas 1 e 2) debidamente cuberto con correcta imputación de gastos, asinado, sen emendas nen riscadas e lexible. Anexo VIII.
32	SI427A 2012/000054-0	Asociación Redmadre Coruña	G70180229	Anexos V e VI debidamente cubertos e coincidentes.
33	SI427A 2012/000056-0	Cruz Vermella Española	Q2866001G	Anexo VI debidamente cuberto e asinado con inclusión de todo o gasto correspondente.
34	SI427A 2012/000058-0	ONGD Ecos do Sur	G15354483	Memoria económica complementaria (programa 1) con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
35	SI427A 2012/000059-0	ONG Mestura	G15940414	Memoria económica complementaria (para os dous programas) con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
36	SI427A 2012/000060-0	Fundación Ronsel	G15752660	Anexo II debidamente cuberto e asinado con indicación correcta do programa solicitado. Anexo III debidamente cuberto e asinado. Memoria económica complementaria con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.



	Número expediente	Entidade solicitante	NIF	Documentos requiridos
37	SI427A 2012/000065-0	Cimo, Entidade Prestadora de Servizos	G32010449	Memoria económica complementaria (programa 1) con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
38	SI427A 2012/000066-0	Asociación E-integralia	G32412678	Anexo II debidamente cuberto e asinado con indicación correcta do programa solicitado. Memoria económica complementaria con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
39	SI427A 2012/000067-0	Down Ourense	G32311870	Anexo III debidamente cuberto e asinado. Anexo VI debidamente cuberto e asinado.
40	SI427A 2012/000069-0	Asociación Xarela Formación-Animación	G32261307	Memoria económica complementaria con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
41	SI427A 2012/000070-0	Asoc. Fibromialxia e Fatiga Crónica-AFFOU	G32303802	Memoria económica complementaria con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
42	SI427A 2012/000072-0	Asociación Española Contra o Cancro Xunta Provincial de Pontevedra	G28197564	Anexo VI debidamente cuberto e asinado con correcta imputación de gasto. Documentación acreditativa de representatividade suficiente (artigo 5.2.e) das bases reguladoras).
43	SI427A 2012/000073-0	Down Pontevedra Xuntos	G36164887	Anexo VI debidamente cuberto e asinado con correcta imputación de gasto.
44	SI427A 2012/000074-0	Fundación Amigos de la Barrera	G32321978	Requírense todos os documentos relacionados no artigo 5 das bases reguladoras.
45	SI427A 2012/000077-0	Asoc. de Empresarias Profesionais e Emprendedoras da Comarca de Ferrol Aecofe	G70036488	Anexo VI debidamente cuberto e asinado. Memoria económica complementaria con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.

	Número expediente	Entidade solicitante	NIF	Documentos requiridos
46	SI427A 2012/000082-0	Patronato Concepción Arenal	G15030372	Anexo II debidamente cuberto e asinado. Anexo III debidamente cuberto e asinado. Anexo VI debidamente cuberto e asinado. Memoria. Anexo VII debidamente cuberto e asinado.
47	SI427A 2012/000087-0	Fundación Secretariado Gitano	G83117374	Anexo III debidamente cuberto e asinado (non presentado). Memoria económica complementaria con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.
48	SI427A 2012/000088-0	HH.TT.FF. Rebaño de María-Obra Social Si a la Vida	R1100013J	Anexo II debidamente cuberto e asinado con indicación correcta do programa solicitado.
49	SI427A 2012/000092-0	Federación de Mulleres Rurais de Ourense FEMURO	G32237869	Memoria económica complementaria (programas 1 e 2) con descrición e desagregación ao máximo detalle por tipo de gasto do orzamento para cada unha das accións do programa. Os gastos xerais e de desprazamentos teñen que orzarse xunto coa xustificación motivada e razoada do criterio de imputación e cálculo elixido para a súa cuantificación.